


# ÁNXEL FOLE

*Aproximación temática á  
súa obra narrativa en galego*

*Armando Requeixo*



Caso á parte suporíao o relato “¡Aleluia!” que, aínda que non vivido por Fole, foille directamente referido polo seu amigo o pintor Carlos Maside, quen viviu a experiencia narrada no conto<sup>70</sup>.

Tamén parece acertado incluír neste grupo o relato “Arxemiro”, por canto o propio Fole ten indicado<sup>71</sup> que en ALC un dos contos estaba inspirado nun pesadelo seu, que moi ben podería se-la premonición descrita neste relato.

c) *Relatos de ficción.* Serían o resto, aínda que nalgúns deles puidera haber puntuais anécdotas tiradas da tradición popular ou de sucesos autobiográficos.

Tamén no caso de TB deixou feitas Fole unhas declaracóns que poden agora servirnos de punto de partida:

-¿Cantos contos son inventados en Terra brava?

-Pois así, agora non o sei, pero creo que case todos. Non sei se haberá dous de asunto alleo. O que pasa é que ás veces un escucha unha cousa e desa saca outra e despois outra e outra... (Casares, 1984: 73).

Tendo presente tales declaracóns, neste caso a clasificación a operar revelaría os seguintes resultados:

a) *Relatos de extracción popular.* Reduciríanse a distintos retallos dalgúns relatos, como as descripcións dos seres sobrenaturais en “A Estadea i o Urco”, etc.

b) *Relatos de natureza autobiográfica.* Tamén se limitarían a algunhas pasaxes de certos contos, tal como a confusión coa Santa Compañía que se produce en “O morto entrara ca xistra” e que Fole ten recordado en diversas ocasións<sup>72</sup>, ou boa parte dos tres relatos agrupados baixo o título colectivo de “As trasnadas do Toño”, con protagonista real (é dicir, empírico) para todos tres<sup>73</sup>.

<sup>70</sup> Vid. Casares, 1984: 73-74.

<sup>71</sup> Así llo confesaba a Casares:

*E hai outro conto [en ALC], que tampouco me acordo del, que é un pesadelo deses tremendos que tiven eu (Casares, 1984: 74).*

<sup>72</sup> Así, por exemplo, en Casares 1984: 72-73, ou en Rei Núñez, 1985.

<sup>73</sup> Descóbrenos este dato Rodríguez López no seu libro *Viaxes con Ánxel Fole*:

*Chegamos á Ferreiría, lugar renomeado polo balneario de augas férreas recomendadas para os desganados e, namentres nos preparaban o xantar no Pacio da Condesa, onde don Ánxel coñecera o protagonista do seu conto antolóxico <<As trasnadas do Toño>>, domeado polo meu afán de pescudar, eu adentreime no pobo (Rodríguez López, 1988: 18).*

dous atracadores”, todos eles, senón tirados da contística popular, ben ben cercanos a esta na súa anécdota e desenvolvimento.

b) *Relatos de natureza autobiográfica*. A este grupo corresponderían “Pepe Troitiño”<sup>(79)</sup>, “O medo”<sup>(80)</sup>, e “¿E decímoslo ou non o decimos?”<sup>(81)</sup>, ademais de outros fragmentos dos restantes relatos (como a ambientación universitaria santiaguesa de “Tracatrá, tracatrá, tracatrá...”, vivencia do propio Fole, etc.).

c) *Relatos de ficción*. Constitúen a maioría do libro, pois o anecdotico de boa parte dos contos que integran o volume facilita que, partindo de moi vagas referencias vividas polo autor ou por este oídas, artelle os argumentos que vertebran os diferentes relatos de HNC. De clara invención serían “Un queixo de San Simón”, “Unha morte sin rastro”, “O miragre de Ribadeo”, etc.

En conclusión e para rematar: apréciase na tetraloxía narrativa de Fole diversa presencia das diferentes fontes argumentais sinaladas. Así, se en ALC o número dos relatos inspirados en historias tradicionais populares é cuantitativamente importante, no resto dos libros tal número diminúe, para case desaparecer por completo nos últimos libros. Os contos de ficción, pola contra, experimentan a tendencia oposta, sendo moito más numerosos nos derradeiros volumes cá nos primeiros. En canto á aportación autobiográfica nos distintos libros, esta manteríase ó longo de todos eles en maior ou menor medida, se ben en CDN e HNC a súa presencia medra considerablemente.

### *Clasificación temática*

Na tetraloxía confística de Ánxel Fole a variedade temática é notable. Orabén, a pesar de tal riqueza, os diferentes relatos que integran cada un dos catro libros do lucense son susceptibles de ser clasificados nun número mínimo de macrotipos temáticos esenciais: relatos

<sup>79</sup> Este personaxe -dos anos mozos universitarios de Fole-, faino o autor aparecer noutros contos seus de carácter autobiográfico non compilados en libro, como “Memorias: Medio século dunha chanza de escolantes” (Fole, 1983a) ou “O berro do antropoide” (Fole, 1984b).

<sup>80</sup> Este episodio vivido por Fole, volve narralo o autor na “Soleira. Terra de Quiroga” que dispón como introducción á segunda edición de *Pauto do demo* de 1970 e tamén no inicio do relato “O paxaro laión”, de CDN.

<sup>81</sup> Vid. Rodríguez López, 1988: 28.

1) A necesidade de que os escritores en galego fosen conscientes da súa responsabilidade no proceso normativizador e normalizador do idioma (Fole, 1956: 25; CDN, 8).

2) A referencia ineludible que para tales escritores debería se-la fala popular, fonte da que terían que beber á horá de crear para enriquece-la lingua (Fole, 1956: 25; CDN, 8; Fole, 1983c: 21).

3) A conveniencia de recoller nas súas obras toda a riqueza dialectal do galego –incluídos os seus arcaísmos– e de reixeita-la extraordinaria “complicación” que supuña un lusismo “desquiciante” (Fole, 1983c: 21; Casares, 1984: 94).

4) E por último, a apostar por un idioma “nacionalizado”; noutras palabras, imposto polo uso normalizado e non por esixencias lexislativas. O galego, para Fole, tiña que ir gañando prestixio literario e popular en tódolos niveis, sen necesidade de leis coercitivas que, ó seu ver, non axudarían en nada á mellora da situación sociolingüística (Fole, 1983c: 21; Rodríguez López, 1988: 100).

Tendo presente este ideario, non é estranho que na propia obra narrativa de Fole, os trasuntos do autor e os narradores a través dos que verte Fole as súas propias ideas lingüísticas, expresen por veces de modo inequívoco estas mesmas opinións. Así ocorre, por exemplo, cos personaxes de “O grande parladoiro” de TB, que critican o “descaste” do pobo que deixa “perder e derrama-la” súa fala, menos rica cada nova xeración; personaxes que tamén cifran na literatura a esperanza dun futuro para o galego, sempre que este volva os seus ollos cara ós dialectos populares, en detrimento do creacionismo lingüístico de certos autores; personaxes, en fin, que incluso se pronuncian sobre o problema ortográfico, mostrándose partidarios dunha norma foneticista simplificadora que achegue máis ainda a escrita á fala viva (vid. TB, 59-62).

Orabén, hai que aclarar que todas estas preocupacións sociolinguísticas, moi presentes noutros xéneros cultivados por Fole como o ensaio xornalístico, no tocante ó relato, como vemos, constitúen só motivos puntuais que en ningún caso chegan a ser eixe temático dos seus contos.

Nesta liña da presencia temática da lingua na obra de Fole, non debemos esquecer salienta-la importante problemática que supón a **cuestión diglósica** nos seus relatos (cfr. López-Vidriero, 1982). Se ben esta nunca se ve elevada a tema principal e non pasa de ser un

personaxe da Faísca cando recomenda ó seu marido que lle fale ó avogado de Lugo “en castellano” para que non pense que é “un paio-lo” (TB, 227), ou mesmo que en pleno desenvolvemento do relato de CDN “¡Difuntámo-la botella!”, onde as accións e falas dos seus personaxes semellan ser sempre dende un principio galegas, se nos aclare que un destes personaxes nunha reunión pasada facía “chistes en galego”, etc.? ¿Como se explica, igualmente, que os americanos de “A caixa de habanos” falen castelán?

Ben sexa por falta de *decoro poético*, ben por diglosia consciente dos personaxes (ficcional, polo tanto) ou do autor (implícito ou non, e empírica, xa que logo), de tó dolos xeitos estes casos romperían coa harmonía lingüística que, pola contra, preside a maioría dos relatos da tetraloxía.

Na temática lingüística da obra de Fole xogan tamén un papel decisivo, ora como *motivos* ora como *subtemas*, as **alusións meta-lingüísticas**. Con frecuencia os narradores de Fole explicitan o emprego dialectal de voces (ALC, 16-17 e 23; TB, 59-61 e 211...) que serven para caracterizar ós personaxes, á xeografía humana que envolve os relatos, e incluso para explicar títulos dos contos (como ocorre con “Esporrétar” en HNC).

Relativamente numerosas son as referencias que na tetraloxía do lucense se fan á **etimoloxía toponímica** (fundamentalmente, aínda que tamén hai algúns casos de etimoloxía non toponímica). Tal fenómeno é, por outra banda, perfectamente esperable, sobre todo se non se perde de vista a verdadeira predilección que por estes temas demostrou sempre o autor<sup>92</sup>.

Son etimoloxías pseudofilolóxicas nas que Fole, que tivera unha deficiente formación en materia de gramática histórica<sup>93</sup>, amosaba máis o seu talento creativo có seu rigor como filólogo diacrónico. Serían exemplos desta tendencia as etimoloxías propostas para o topónimo “A veneira” (ALC, 19), para voces francesas –segundo

<sup>92</sup> Fole firmou, baixo os pseudónimos de Neumandro e Xelos de Orbán, máis dun cento de artigos sobre etimoloxías no xornal *El Progreso de Lugo*, pero tamén deixou constancia da súa afección por esta disciplina en traballos en revistas e nas respostas dadas ós seus entrevistadores cando o interrogaron sobre o particular (*vid. Casares, 1984: 68; Rodríguez López, 1988: passim*).

<sup>93</sup> Polo que sabemos, os coñecementos académicos de Fole sobre a materia circunscribiríanse ás clases que no Instituto recibría de Ángel Revilla Marco -discípulo de Unamuno- (Casares, 1984: 27), e unhas inconclusas leccións recibidas na Universidade de Madrid ás que tería asistido Fole con verdadeira fruición (Casares, 1984: 37).

- 1991 "Ánxel Fole, o contista de lobos", *Animal*, 1, pp. 16-17.
- 1993 "Das lendas de Bécquer ás lendas de Fole", *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos*, 1, pp. 67-70 (Reproducido despois baixo o mesmo título en *Acometida atlántica*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1996, pp. 11-24).
- 1994 *A literatura galega durante a Guerra Civil (1936-1939)*, Vigo, Xerais.
- 1996 "Fole e os contos de nunca acabar", *A Nosa Terra*, 3 de outubro, p. 25.

**RODRÍGUEZ LÓPEZ, MANUEL**

- 1988 *Viaxes con Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

**RODRÍGUEZ MOURULLO, GONZALO**

- 1953 "Á lús do candil", *Vamos*, 7, s. p.

**S(EN) S(INATURA)**

- 1974 "Fole Sánchez, Ánxel", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 13, Xixón, Silverio Cañada Editor, pp. 118-119 (Aínda que aparece sen firmar, o seu autor foi Juan Soto).
- 1979 "Con Ánxel Fole en el 9º aniversario de 'Táboa Redonda'", *El Progreso*, 3 de xuño, pp. 20-21.
- 1985 "Retrato <>ao minuto>>: as conversas con Ánxel Fole", *Grial*, 88, pp. 257-258.

**SILVA, BIEITO**

- 1981 "A Galicia máxica de Ánxel Fole", *La Voz de Galicia*, 10 de decembro, s. p.

**SOTO, JUAN (ED. / COORD.)**

- 1986 Ánxel Fole, *Cuentos para leer en invierno*, edición e traducción a cargo de Juan Soto, Madrid, Espasa-Calpe.
- 1993 *El Progreso*, Especial "Táboa Redonda", 17 de febreiro (Contén os seguintes traballos: Juan Soto, "T. R., a heranza xornalística de A. Fole", p. 29; Manuel María, "Breves e lixeiras consideraciós arredor de "Táboa Redonda", pp. 29-30; Xesús González Gómez, "Un suplemento literario diferente: "Táboa Redonda", p. 30; Carlos Casanova, "Para Táboa Redonda", p. 31).

**SOUTO, B.**

- 1955 "A luz do candil. Contos a carón do lume de Ánxel Fole", *A Nosa Terra*, outubro, s. p.